

---

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA  
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO,  
O 7 DE XULLO DE 2011,  
BAIXO A PRESIDENCIA DO  
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

**DECRETOS**

**CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA**

- Decreto polo que se aproba o escudo do Concello do Saviñao.
- Decreto polo que se aproba a bandeira do Concello do Saviñao.
- Decreto polo que se aproba o escudo do Concello de Toén.
- Decreto polo que se aproba a bandeira do Concello de Toén.

**CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

- Decreto polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao medio correspondente ao título de técnico en instalacións frigoríficas e de climatización.
- Decreto polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao medio correspondente ao título de técnico en instalacións de produción de calor.

**CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL**

- Decreto polo que se establece o Catálogo oficial de razas gandeiras autóctonas de Galicia, se regula o recoñecemento oficial das asociacións de criadores de razas autóctonas de Galicia que creen ou xestionen libros xenealóxicos e a aprobación dos programas para a súa conservación, mellora e fomento.

**ACORDOS**

**CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA**

- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Economía e Industria a establecer anticipos de ata o 80%, sen necesidade de constitución de garantías a favor da Xunta de Galicia, do importe das subvencións correspondentes á Orde pola que se

establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrència competitiva, das subvencións para investimentos innovadores para o crecemento empresarial no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2011, por importe de dous millóns setecentos oitenta e sete mil novecentos corenta e nove euros con corenta e nove céntimos (2.787.949,49 euros).

- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Economía e Industria a establecer anticipos de ata o 80%, sen necesidade de constitución de garantías a favor da Xunta de Galicia, do importe das subvencións correspondentes á Orde pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrència competitiva, das subvencións para o apoio ao crecemento empresarial mediante o fomento da investigación e a innovación empresarial no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2011, por importe de oito millóns setenta e catro mil trescentos euros (8.074.300,00 euros).

#### **CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO**

- Acordo polo que se autoriza a subscrición dun convenio de colaboración entre a Axencia Galega das Industrias Culturais e a Federación Galega de Teatro Aficionado (FEGATEA), para a realización conxunta de cursos, festivais e ciclos de teatro aficionado, por importe de cento cinco mil euros (105.000,00 euros).

#### **CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR**

- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Traballo e Benestar a adquirir compromisos de carácter plurianual ao abeiro do artigo 58.1.b) do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, na orde pola que se regulan as axudas económicas para a atención á primeira infancia en escolas infantís 0-3 non sostidas con fondos públicos adheridos ao programa cheque infantil, e se procede á súa convocatoria. Importe total: un millón cincocentos catro mil oitocentos setenta euros (1.504.870,00 euros).

### **INFORMES**

#### **CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA**

- Informe sobre o balance de dous anos de Goberno das delegacións territoriais da Xunta de Galicia.

#### **CONSELLERÍA DE FACENDA**

- 
- Informe sobre a Comisión Bilateral e sobre a reclamación do cumprimento do novo sistema de financiamento.

### **CONSELLERÍA DE SANIDADE**

- Informe sobre a acreditación para a asistencia aos farmacéuticos na dispensación de medicamentos e produtos sanitarios suxeitos á receita médica polo persoal técnico ou auxiliar que presta servizos nas oficinas da farmacia.
- Informe sobre a estratexia de atención integral á dor.

## O CONSELLO DA XUNTA APROBA OS ESCUDOS E AS BANDEIRAS OFICIAIS DOS CONCELLOS DE TOÉN E O SAVIÑAO

O Consello da Xunta deu hoxe o visto e praxe aos decretos polos que se establecen as conformacións oficiais dos escudos e as bandeiras dos concellos de Toén (Ourense) e O Saviñao (Lugo).

A bandeira de Toén será en pano de branco á hasta unha pluma de escribir de azul posta en barra; e de verde ao batente cun acio de uvas de amarelo con follas deste. A pluma de escribir representa o conxunto das artes no municipio, en particular a pintura, como a existente no presbiterio de Santa María de Mugares; e no campo das letras aluden á achega á lingua galega do ilustre fillo do municipio don Juan Antonio Saco y Arce pola súa achega literaria e a súa obra "Gramática Galega" de 1868; a cor verde alude á actividade agrícola e ao carácter rural de municipio; o acio e a cor amarela representan a súa riqueza vitivinícola.

O escudo queda: en campo de sinople un acio de vide de ouro con follas deste e en punta ondas de prata e azur; en xefe encaixado de prata, de oito puntas altas, cunha pluma de escribir de azur posta en barra. Ao timbre coroa real pechada. A pluma de escribir representa o conxunto das artes no municipio, en particular a pintura, como a existente no presbiterio de Santa María de Mugares; e no campo das letras aluden á achega á lingua galega do ilustre fillo do municipio don Juan Antonio Saco y Arce pola súa achega literaria e a súa obra "Gramática Galega" de 1868; a cor sinople e o acio de uvas representan ademais, da riqueza vitivinícola, a actividade agrícola e o carácter rural de municipio, as ondas aluden ao río Miño, e o encaixado de oito puntas simboliza os montes e parroquias do termo municipal.

### **Concello do Saviñao**

Por outra banda, o Concello do Saviñao considerou tamén conveniente organizar correctamente o seu escudo e a súa bandeira para perpetualo coa simboloxía adecuada e conforme as normas da heráldica.

Por tanto, que deste xeito a bandeira do Saviñao quedaría: no centro do pano de azul doce xiróns concéntricos de amarelo recortados postos nun ovalo imaxinario. Esta figura representa o sol, tal e como se cre que era simbolizado polas civilizacións da prehistoria en Galicia, e que o Goberno local vén exhibindo como símbolo municipal desde o ano 1848 nos selos matriciais e na heráldica municipal ao longo do século XX. A súa orixe relaciónase coa coñecida «Pedra de Abuíme», localizada na parroquia de San Xoán de Abuíme; onde tamén se atopou un gravado ovalado que algúns identificaron cunha representación do sol a causa da serie de estrías concéntricas que, a modo de raios, parten desde o centro.

---

O escudo queda: en campo de azur doce xiróns concéntricos de ouro recortados cargados nun roel ovalado imaxinario. Ao timbre coroa real pechada. Esta figura representa o sol, tal e como se cre que era simbolizado polas civilizacións da prehistoria en Galicia, e que o Goberno local vén exhibindo como símbolo municipal desde o ano 1848 nos selos matriciais e na heráldica municipal ao longo do século XX. A súa orixe relaciónase coa coñecida «Pedra de Abuíme», localizada na parroquia de San Xoán de Abuíme, onde tamén se atopou un gravado ovalado que algúns identificaron cunha representación do sol a causa da serie de estrías concéntricas que, a modo de raios, parten desde o centro.

A día de hoxe a Xunta aprobou por decreto 134 escudos e 86 bandeiras.

## A FP GALEGA CONTA CON DOUS NOVOS CURRÍCULOS ADAPTADOS PARA OS CICLOS DE INSTALACIÓNS FRIGORÍFICAS E DE CLIMATIZACIÓN E DE INSTALACIÓNS DE PRODUCCIÓN DE CALOR

- *Os novos currículos permitirá formar profesionais cualificados para dar resposta ás necesidades dos sectores socioprodutivos e de aforro enerxético*

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria adaptou dous currículos máis de formación profesional, co fin de formar profesionais cualificados para dar resposta ás novas demandas dos sectores produtivos de Galicia e adaptalos á Lei das cualificacións profesionais e á Lei orgánica de educación (LOE). Así, o Consello da Xunta deu hoxe o visto e praxe aos novos currículos dos ciclos formativos de grao medio en instalacións frigoríficas e de climatización, e en instalación de produción de calor, que recollen a evolución neste campo cara á eficiencia enerxética.

Con estes dous currículos a Consellería leva xa adaptados un total de 39 no que vai de lexislatura, no marco da estratexia de impulso da FP como unha porta de acceso ao emprego que está a desenvolver o departamento dirixido por Xesús Vázquez Abad.

### **Profesionais demandados**

As ensinanzas do título de técnico en instalacións frigoríficas e de climatización dan resposta á necesidade de profesionais con competencias relacionadas co emprego de novos fluídos refrixerantes e sistemas electrónicos que incrementan o rendemento e o uso de máquinas con altas capacidades de aforro enerxético, na busca da calidade, a seguridade e o respecto polo ambiente. Neste sentido, cómpre destacar que a adaptación dos procesos de montaxe e mantemento á normativa que se refire aos tratamentos e á xestión de residuos e axentes contaminantes e a evolución tecnolóxica tende a sistemas enerxeticamente máis eficientes polo uso da electrónica, os automatismos e novos materiais que fan que os sectores produtivos demanden profesionais cualificados nestes eidos. Do mesmo xeito, o desenvolvemento de novos campos de produción de frío abren novas posibilidades de traballo aos titulados nestas ensinanzas.

Doutra banda, no que respecta ao ciclo formativo en instalación de produción de calor, a evolución cara ás competencias relacionadas co emprego das enerxías renovables, sistemas electrónicos que incrementan o rendemento, máquinas con altos rendementos enerxéticos e novos materiais plásticos para o transporte de fluídos fai que as empresas demanden profesionais cualificados que monten e manteñan instalacións caloríficas, solares térmicas e de fluídos aplicando a normativa e protocolos de calidade, de seguridade e de prevención de riscos laborais establecidos, asegurando a súa funcionalidade e o respecto polo ambiente.

---

Neste sentido, o ciclo prepara os estudantes para traballar conforme a normativa referente aos tratamentos e á xestión de residuos e axentes contaminantes, utilizando novas tecnoloxías máis eficientes no sector enerxético e novos materiais. Así, os titulados nestas ensinanzas poderán desenvolver o seu traballo en eidos laborais de produción de calor, en pleno desenvolvemento, entre os que poden destacar os sistemas de coxeneración, a utilización de paneis solares para a obtención de AQS, as bombas de calor xeotérmicas e as instalacións de biomasa.

### **Acceso ao mundo laboral**

Ao igual que os restantes currículos adaptados pola Consellería, os hoxe aprobados inclúen un módulo de formación en centros de traballo con que os estudantes completarán a formación adquirida no centro educativo mediante a realización de prácticas en situacións reais de traballo no ámbito produtivo da empresa, de acordo coas exigencias derivadas do Sistema Nacional de Cualificacións e Formación Profesional.

Deste xeito, foméntase o acceso do alumnado ao mundo laboral, tal e como demostran os altos niveis de empregabilidade destas ensinanzas. De feito, segundo os últimos estudos ao respecto, o 88,8% dos titulados que realizaron formación en centros de traballo atopou o seu primeiro emprego en menos de 6 meses, o que confirma a FP como un sistema de oportunidades nestes tempos de crise económica.

## APROBADO O DECRETO POLO QUE SE ESTABLECE O CATÁLOGO OFICIAL DE RAZAS GANDEIRAS AUTÓCTONAS DE GALICIA

- *Mediante esta norma regúlase tamén o recoñecemento oficial das asociacións de criadores de razas autóctonas que creen ou xestionen libros xenealóxicos e a aprobación dos programas para a súa conservación, mellora e fomento*
- *Este decreto será o instrumento básico para todo o relacionado coa xestión das razas gandeiras autóctonas da nosa Comunidade, desenvolvendo e aplicando así o establecido na normativa estatal*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o Decreto polo que se establece o Catálogo oficial de razas gandeiras autóctonas de Galicia, se regula o recoñecemento oficial das asociacións de criadores de razas autóctonas de Galicia que creen ou xestionen libros xenealóxicos e a aprobación dos programas para a súa conservación, mellora e fomento.

Esta norma será o instrumento básico para todo o relacionado coa xestión das razas gandeiras autóctonas da nosa Comunidade, desenvolvendo e aplicando así o establecido polo Real decreto 2129/2008, do 26 de decembro, de ámbito estatal, polo que se establece o Programa nacional de conservación, mellora e fomento de razas gandeiras.

En particular, o decreto aprobado hoxe polo Goberno galego ten por obxecto establecer o Catálogo oficial de razas gandeiras autóctonas de Galicia; regular o recoñecemento oficial e rexistro das asociacións de criadores de razas autóctonas de Galicia que creen ou xestionen libros xenealóxicos destas razas; establecer as regulamentacións específicas dos libros xenealóxicos das razas autóctonas e regular as súas modificacións e as novas aprobacións; regular a aprobación e modificación dos programas de mellora destas razas e designar o centro oficial de xenética animal de Galicia.

### **Consello Galego de Razas Autóctonas**

Con este decreto créase o Consello Galego das Razas Gandeiras Autóctonas, como órgano colexiado consultivo en materia de conservación, mellora e fomento das ditas razas. Entre as súas funcións están as de emitir informes sobre as solicitudes de inclusión de novas razas no catálogo oficial e analizar a evolución das razas.

A norma crea tamén o Rexistro de asociacións de criadores de razas gandeiras autóctonas, en que se inscribirán de oficio as asociacións que creen ou xestionen libros xenealóxicos recoñecidas pola dirección xeral con competencias en materia de producións gandeiras.



---

Canto aos programas de mellora, establécese que a súa execución corresponderá ás asociacións de criadores recoñecidas. Por último, désígnase como centro oficial de xenética en Galicia a empresa pública Xenética Fontao, para efectuar as análises de xenes e os marcadores xenéticos con carácter e validez oficiais no marco do Programa nacional.

O decreto aprobado hoxe incorpora tres anexos co Catálogo oficial de razas gandeiras autóctonas galegas, o Rexistro de asociacións de criadores e a regulamentación específica dos libros xenealóxicos.

### **Once razas catalogadas**

Tal e como establece o anexo I, actualmente son 11 en total as razas gandeiras autóctonas catalogadas: como especie aviar, a galiña de Mos; como especies bovinas, a rubia galega, a cachena, a caldelá, a frieiresa, a limiá e a vianesa; como especie caprina, a cabra galega; como especie equina, o cabalo de pura raza galega; como especie ovina, a ovella galega e como especie porcina, o porco celta.

## ECONOMÍA E INDUSTRIA CONVOCARÁ AXUDAS Á INNOVACIÓN PARA O CRECEMENTO EMPRESARIAL DE CASE 11 MILLÓNS DE EUROS CON ANTICIPOS DO 80%

- *O Programa de apoio ao crecemento, dotado con 8 millóns de euros, subvencionará proxectos empresariais e preparación de propostas, ademais do desenvolvemento das plataformas tecnolóxicas galegas*
- *A convocatoria de investimentos innovadores para o crecemento empresarial, con 2,7 millóns, apoiará o financiamento de recursos materiais específicos necesarios para a actividade innovadora das empresas*
- *Por primeira vez a presentación de solicitudes a estas liñas de axuda terá que formalizarse necesariamente por vía telemática*

O Consello da Xunta autorizou na súa reunión desta mañá o pagamento de anticipos de ata o 80% libres de garantía sobre as axudas de cerca de 11 millóns de euros que a Consellería de Economía e Industria convocará en breve para fomentar a investigación e a innovación empresarial e para incentivar os investimentos innovadores. Estas liñas de subvención, amparadas no Plan Galego de Investigación, Innovación e Crecemento (I2C) 2011-2015, abriranse á recepción de solicitudes nos próximos días a través da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia* (DOG) e, por primeira vez, a presentación de propostas poderá formalizarse exclusivamente por vía telemática.

O Programa de apoio ao crecemento empresarial mediante o fomento da investigación e a innovación empresarial (ACE), dotado con 8 millóns de euros, contempla subvencións a empresas para proxectos individuais e colaborativos de innovación tecnolóxica en materia de proceso ou produto, loxística e xestión e para a preparación de propostas de proxectos para presentar en convocatorias de I+D+i estatais e internacionais. Ademais, o programa establece tamén axudas destinadas aos centros tecnolóxicos e clusters empresariais para o desenvolvemento das plataformas tecnolóxicas existentes en Galicia.

As subvencións a proxectos individuais e colaborativos de innovación tecnolóxica están destinadas a incrementar a competitividade das empresas galegas industriais e de servizos mediante o estímulo da innovación en calquera punto da cadea de valor e en todos os procesos da empresa. As axudas cubrirán o desenvolvemento de proxectos de innovación empresarial, individuais ou cooperativos, de carácter non só tecnolóxico sobre procesos ou produtos, senón tamén para a implantación de técnicas de xestión da produción, técnicas de mercadotecnia ou técnicas loxísticas desde unha perspectiva de innovación aberta, é dicir, destinada a combinar o coñecemento interno co externo. En calquera caso, para ser obxecto de subvención, a innovación proposta debe representar unha novidade ou mellora substancial con respecto ao xa existente no seu ámbito e comportar un grao evidente de risco. Nos

proxectos presentados por pemes as axudas poderán acadar o 35% do custo subvencionable para pequenas empresas, e o 25% para empresas medianas. Nos presentados por grandes empresas poderán acadar o 15% do custo subvencionable.

Nesta convocatoria está prevista tamén a concesión de axudas ás empresas para a preparación de novos proxectos que se presentarán a convocatorias de axudas estatais e internacionais no marco das medidas do Plan I2C concibidas para impulsar a innovación aberta e o crecemento económico. As subvencións cubrirán a presentación de propostas de proxectos de I+D a programas do Plan Nacional, tanto individuais como en cooperación, así como de solicitudes a programas internacionais en cooperación, en particular o VII Programa cadro, o Programa CIP e os proxectos bilaterais e multilaterais do Centro de Desenvolvemento Tecnolóxico e Industrial (CDTI), que deberán ser en todos os casos desenvolvidos principalmente no ámbito territorial de Galicia. Para as pemes estas axudas poderán acadar o 70% do custo subvencionable e para as grandes empresas o 60%.

Pola súa banda, as subvencións destinadas ao funcionamento das plataformas tecnolóxicas existentes en Galicia enmárcanse no eixe estratéxico referente ao sistema integral de apoio á investigación do Plan I2C. O obxectivo final destas axudas é promover o desenvolvemento de proxectos de cooperación no marco da axenda estratéxica de investigación definida por cada plataforma e que supoñan a participación en programas estatais e internacionais de I+D+i por parte das empresas e doutras entidades adheridas a ela. A concesión das axudas estará suxeita a unha serie de indicadores de valoración das propostas baseados na implicación dos solicitantes en dinámicas de innovación aberta; nos proxectos colaborativos promovidos –e as taxas de éxito e retornos económicos acadados grazas a eles-; no labor de transferencia de resultados de investigación á empresa; na internacionalización; na representatividade no seu sector; e na participación equilibrada de mulleres.

### **Investimentos innovadores**

Os restantes 2,7 millóns de euros habilitados para conceder axudas proximamente ao abeiro do Plan I2C teñen por obxecto incentivar a mellora competitiva das empresas, especialmente das pemes, mediante o incremento da súa capacidade tecnolóxica e innovadora. A convocatoria de investimentos innovadores para o crecemento empresarial (IICE) está destinada a facilitar o financiamento de recursos materiais específicos por parte das empresas para desenvolver proxectos de innovación destinados a poñer no mercado novos ou mellorados produtos e servizos.

As pequenas empresas poderán beneficiarse de subvencións de ata o 50% e as medianas de ata o 40%, mentres que no caso das grandes a porcentaxe se restrinxe a un máximo do 30% sobre o total do custo xustificado. As empresas galegas poderán solicitar estas axudas para a creación dun novo centro produtivo ou a

---

ampliación dun xa existente, sempre que teña a finalidade de desenvolver novos produtos e procesos. Tamén para a diversificación da produción de cara a atender mercados de produtos novos ou para unha transformación fundamental de carácter innovador no proceso global de produción, así como para a dotación de departamentos de I+D+i nas empresas para ampliar a súa capacidade tecnolóxica e innovadora.

En concreto, será subvencionable a adquisición de maquinaria e de equipamento específico para os departamentos de I+D+i, como poden ser equipamentos de laboratorio, ademais dos acondicionamentos necesarios para a súa instalación e funcionamento. Tamén se poderán solicitar axudas para a transferencia de tecnoloxía mediante a adquisición de dereitos de patentes, licenzas, *know-how* ou coñecementos técnicos non patentados.

## CULTURA E TURISMO E A FEDERACIÓN GALEGA DE TEATRO AFECCIONADO COLABORARÁN EN ACTIVIDADES DE FORMACIÓN E EXHIBICIÓN ESCÉNICA

- ***O Consello da Xunta aprobou a sinatura do convenio entre a Agadic e a devandita entidade por valor de 105.000 euros para a realización de seis cursos monográficos, unhas xornadas, unha revista promocional e varios ciclos de teatro.***

O Consello da Xunta aprobou hoxe a subscripción dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura e Turismo e a Federación Galega de Teatro Afeccionado (Fegatea) que posibilitará a realización conxunta de diferentes actividades de formación, difusión e exhibición escénica dentro do ámbito afeccionado, que serán impulsadas e desenvolvidas durante 2011 e 2012 por esta entidade cultural privada sen ánimo de lucro, a máis representativa do teatro afeccionado galego.

O convenio prevé un financiamento de 105.000 euros por parte da Axencia Galega das Industrias Culturais (Agadic) e fundaméntase nos fins comúns das entidades asinantes canto ao fomento e promoción teatral, o intercambio de experiencias e propostas creativas, o debate colectivo e a normalización cultural e lingüística de Galicia.

Entre as actividades concretas que se levarán a cabo figura un ciclo formativo dun total de seis cursos monográficos que, a partir dos títulos *Humanización de textos dramáticos*, *Commedia dell'Arte*, *Narración Oral*, *Quen dixo medo?*, *Pracer escénico*, *Crear en esencia* e *Expresión corporal*, se realizarán nas catro provincias galegas para mellorar as competencias profesionais de todos os asociados de Fegatea participantes.

Tamén se prevé a publicación dunha revista propia como instrumento de difusión das propostas dos grupos de teatro federados e das súas representacións escénicas; así como a organización da sexta edición das Xornadas de teatro afeccionado, nas que participarán representantes das distintas realidades teatrais do panorama nacional e mediante as que se pretende promover a cultura galega no exterior, establecer novas canles para artellar un circuío de teatro afeccionado entre comunidades autónomas e reactivar a Confederación de Teatro Afeccionado (CETA).

No apartado específico da exhibición, programaranse varios ciclos de teatro afeccionado que, a xeito de circuío estable e coa posibilidade de concorrencia de grupos non federados, faciliten o intercambio de funcións entre distintas localidades. Un destes ciclos desenvolverase baixo a epígrafe de *Fegatea móvete* e será o punto de encontro de referencia para a xente do teatro afeccionado e unha importante oportunidade para ver diferentes xeitos de concibir o feito escénico, desde o surrealismo ao teatro clásico, pasando polo naturalismo ou o teatro xestual.

## A XUNTA VOLVERÁ A CUBRIR A TRAVÉS DO CHEQUE INFANTIL ARREDOR DE 1.200 PRAZAS PARA NENOS DE 0 A 3 ANOS

- *A orde de axudas vai dirixida a aqueles nais e pais que solicitaron praza nun centro público e non resultaron adxudicatarios, así como aos habitantes das localidades onde non existe ningunha escola infantil de titularidade pública*
- *No comezo do próximo curso escolar, en setembro de 2011, haberá dispoñibles máis de 16.300 prazas sostidas con fondos públicos, o que supón un 15 por cento máis de prazas que o comezo da lexislatura*

O Consello da Xunta autorizou hoxe o proxecto de acordo que autoriza o compromiso de gastos plurianual da orde de axudas, que abrangue o curso 2011-2012, para arredor de 1.200 prazas para nenos entre 0 e 3 anos, a través do cheque bebé. A convocatoria de axudas sairá publicada no *Diario Oficial de Galicia* (DOG) nas próximas semanas.

Estas subvencións están dirixidas a aqueles nais e pais que solicitaron praza nunha escola pública e que non resultaron beneficiarios, sempre que exercesen a opción polo cheque infantil no procedemento de solicitude das prazas. Tamén está destinada ás persoas que teñen ao cargo un neno ou nena de 0 a 3 anos en localidades onde non existen escolas infantís sostidas con fondos públicos.

Ademais, co fin de dar continuidade ás prazas adxudicadas no cursos 2010/2011, terán preferencia aquelas persoas que tiveron concedida esta axuda durante o curso pasado. De feito, garántese que continuarán con cheque infantil aquelas familias que foron adxudicatarias no pasado curso sempre que cumpran os requisitos establecidos na orde.

### **Incremento de prazas**

Esta orde responde a un dos obxectivos da Xunta de Galicia de ampliar a cobertura das prazas en escolas infantís. Neste sentido, seguiremos ampliando a oferta como obxectivo prioritario que é o Plan de acción social.

No que vai de lexislatura creáronse 2.000 prazas de escolas infantís e este ano crearemos outras 1.000. O goberno galego prevé crear un total de 4.500 novas prazas durante a lexislatura.

No inicio do curso escolar, en setembro de 2011, haberá dispoñibles máis de 16.300 prazas sostidas con fondos públicos, o que supón un incremento do 15% respecto ó comezo da lexislatura.

---

A adxudicación das axudas do cheque infantil realizarase mediante un baremo similar ao das escolas públicas. A axuda materializarase en cheques nominais emitidos a favor dos beneficiarios, que deben entregar ao centro prestador como pagamento.

Deste xeito, poderán subvencionarse prazas en modalidade de asistencia, de asistencia con comedor e en horario de tarde.

## A REESTRUTURACIÓN DAS DELEGACIÓNS DA XUNTA PERMITIU REDUCIR NUN 12 POR CENTO O TEMPO MEDIO DE TRAMITACIÓN DE EXPEDIENTES

- *O Consello da Xunta analizou hoxe un informe que fai balance dos dous primeiros anos de funcionamento do novo modelo de Administración periférica*
- *As delegacións territoriais permitiron aforrar máis de 12 millóns coa redución da estrutura directiva e case 3 a maiores en gasto corrente*
- *De cara ao futuro está prevista unha redución na factura eléctrica como resultado da implantación inminente de medidas de eficiencia enerxética*

A posta en marcha das cinco delegacións territoriais da Xunta de Galicia, que substituíron os 52 delegados provinciais que formaban a Administración periférica, permitiu reducir nun 12 por cento de media os tempos de tramitación de expedientes, segundo consta nun informe elevado hoxe ao Consello en que se fai balance desta nova organización periférica da Xunta dous anos despois da súa posta en marcha. O informe analiza os resultados do modelo territorial e avanza propostas de mellora para optimizalo aínda máis de cara ao futuro.

No arranque da lexislatura, o Goberno galego apostou por unha modernización e simplificación da estrutura periférica da Xunta, con só cinco delegados territoriais que exercen a representación do Executivo, e con xefes territoriais centrados nos labores de xestión administrativa. Chegado o ecuador da lexislatura, o novo modelo está plenamente consolidado e repercutiu nunha mellora da actividade das delegacións, ao tempo que se reproduciu un importante aforro para as arcas públicas.

Así, a redución da estrutura directiva permitiu reducir 12,3 millóns de euros de custos nestes dous anos, aos cales se suman outros aforros en gasto corrente que case chegan aos 3 millóns. Así, a racionalización en alugueres e oficinas supuxo un aforro de case 1,2 millóns, a redución no uso de vehículos oficiais outros 440.000 euros, a baixada en axudas de custo e gastos de representación 745.000 euros e a reordenación de usos do parque móbil outros 324.000 euros.

Nese sentido, un dos obxectivos para os vindeiros dous anos que se sinalan no informe é seguir afondando na racionalización das delegacións, e está prevista unha redución dos gastos en materia de subministración eléctrica, como resultado das medidas de eficiencia enerxética, logo de terse realizado unha auditoría enerxética nos distintos edificios administrativos da Xunta.

### **Valoración positiva**

O informe fai unha valoración altamente positiva do novo modelo de estrutura administrativa periférica, destacando entre os seus principais elementos definitorios que ofrece unha visión global da Xunta en cada delegación, cun só representante para a xestión unificada de todas as áreas de goberno.



Así mesmo, os delegados territoriais convertéronse no vínculo directo e máis próximo entre a Xunta e os cidadáns, cun coñecemento real e completo da súa situación e das súas necesidades, o que permite unha maior eficacia na resolución dos seus problemas. Case un terzo da axenda de traballo dos delegados se dedica ao mantemento de contactos e atención a particulares, empresas e tecido asociativo local, mentres que outro 19 por cento da súa actividade corresponde ás relacións coas corporacións locais.

Outra das materias que centran o labor dos delegados son as de representación da Xunta e as de coordinación e, nese sentido, unha das vantaxes do novo modelo, cun deseño máis compacto e reducido, é que presenta un maior nivel de coordinación interno no funcionamento ordinario dos departamentos territoriais e facilita a colaboración das delegacións con outras administracións e axentes socioeconómicos.

Así mesmo, os delegados levaron a cabo un papel esencial na mediación de distintas situacións de conflito -como os laborais ou a xestión das emerxencias nos temporais-, e no impulso de proxectos tan relevantes como a área metropolitana de Vigo, a mellora das sedes xudiciais, os Plans Impulsa Lugo e Ourense ou as novas infraestruturas sanitarias.

Relacionado con esta cuestión, tamén é de destacar o seu labor de seguimento *in situ* dos principais proxectos investidores activados pola Xunta na súa área territorial, en materias como equipamentos sociais, execución de obras hidráulicas e viarias, rehabilitación de vivendas ou impulso do solo empresarial. Máis de 20.000 actuacións concretas cun elevado volume investidor.

### **Mellora do servizo**

Ademais dos beneficios derivados da redución da estrutura, puxéronse en marcha nestes dous anos outras medidas de modernización que permitiron mellorar o nivel de servizo prestado aos máis de 8.000 usuarios que entran diariamente nas sedes centrais das cinco delegacións territoriais.

Entre outras, destaca a creación de puntos de e-Administración, con dotación de equipamentos á disposición dos usuarios para facer consultas e resolver trámites de xeito telemático; a implantación de programas de xestión de filas para mellorar o nivel de resposta ao público no rexistro; a ampliación dos espazos destinados ao rexistro administrativo; o deseño dunha axenda específica de actividades culturais; e a adaptación e reordenación das dependencias, o que permitiu, por exemplo, liberar zonas de servizos comúns e incrementar as dispoñibilidades de espazo para aulas de formación.

## A XUNTA PREPARA O RECURSO ANTE O TC SOBRE OS 805 MILLÓNS QUE LLE DEBE O ESTADO Á ESPERA DO RESULTADO DO CPPF DESTE MES

- *Un informe da Consellería de Facenda constata a falta de lealdade e respecto institucional ao Goberno galego por parte do Executivo central*
- *Galicia buscou o consenso na Comisión Bilateral e achegou argumentos mentres que o Estado renunciou á negociación e apostou pola vía xudicial*
- *O Goberno central axusta os recursos de maneira discrecional e en función das súas necesidades de financiamento*
- *O departamento que dirixe Fernández Currás advirte de que o Goberno está a crear inseguridade xurídica no sistema de financiamento que sustenta o Estado do benestar*

O Consello da Xunta debateu hoxe un informe da Consellería de Facenda para preparar un recurso ante o Tribunal Constitucional co fin de reclamar os 805 millóns de euros que lle debe o Estado á Comunidade Autónoma por incumprimentos do modelo de sistema de financiamento autonómico. Agora agardará o resultado da reunión do Consello de Política Fiscal e Financeira (CPFF), prevista para este mes, á espera de que o Executivo central adopte as decisións necesarias para garantir a prestación de servizos públicos fundamentais.

O departamento que dirixe Marta Fernández Currás lamenta que a vontade negociadora do Goberno galego no seo da Comisión Bilateral atopase unha falta absoluta de lealdade e respecto institucional, xa que o Estado non quixo nin discutir nin consensuar nada nun foro convocado precisamente para achegar posturas e evitar xudicializar o proceso, e desistiu de asistir cun interlocutor válido para tomar decisións e nin sequera se presentou un secretario de Estado.

O Executivo autonómico foi o que tivo a iniciativa de solicitar a Comisión Bilateral e buscou o consenso, achegando argumentos, mentres que a delegación do Goberno central renunciou á negociación e apostou pola vía xudicial. A Xunta de Galicia está convencida de que ten razóns xurídicas para reclamar esta cantidade e necesidades para seguir pelexando por estes recursos.

O informe de Facenda constata que o Goberno está a empregar o modelo de financiamento autonómico de maneira discrecional e en función das súas necesidades de financiamento, xa que, por un lado, adianta os axustes do IVE e do Statu Quo a Galicia con base en estimacións e, por outro, adía o anticipo do Fondo de Cooperación de 2011 e os recursos adicionais de 2010, á espera de ter os datos definitivos.

Así, a Consellería de Facenda explica que a cláusula do Statu Quo, a pesar de que se incluíu como garantía de non perder capacidade financeira con respecto ao anterior

---

modelo, é dicir, ten por obxecto evitar perdas de recursos, se non se inclúese, Galicia percibiría máis de 200 millóns de euros máis, o cal carece de sentido. Por outro lado, solicítase a transferencia este ano do Fondo de Cooperación, vital para Galicia e orzado, xa que a Comunidade xa o percibiu tanto en 2009 como en 2010.

Por outra banda, a Xunta de Galicia reclama os recursos adicionais do ano pasado correspondentes ao sistema de financiamento autonómico, por importe de 162,3 millóns de euros, así como os 171,6 millóns de euros polo axuste practicado á Comunidade polo Estado tras o incremento de tipos impositivos do IVE a partir de xullo de 2010.

### **Inseguridade xurídica**

Ademais, a Consellería de Facenda advirte de que o Executivo central está a crear inseguridade xurídica no sistema de financiamento autonómico, que é o que sustenta o Estado do benestar e permite sufragar a sanidade, a educación e os servizos sociais.

O informe do departamento autonómico sinala que a negativa do Goberno de transferir o Fondo de Cooperación provocará que a Comunidade teña que axustar aínda máis os seus gastos e pon en risco que unha autonomía cumpridora (a única xunto a Madrid os dous últimos anos) poida non axustarse este exercicio ao obxectivo de déficit.

Facenda conclúe que a esta situación se sumará no ano 2012 que a Comunidade galega terá que devolverlle ao Estado máis de 400 millóns de euros polas liquidacións negativas correspondentes a 2008 e 2009.

## **SANIDADE REGULA A ACREDITACIÓN DO PERSOAL TÉCNICO OU AUXILIAR QUE PRESTA SERVIZOS NAS OFICINAS DE FARMACIA**

- ***Esta actuación mellora a prestación farmacéutica para os cidadáns e dá resposta a unha antiga demanda do colectivo de auxiliares de farmacia***

A conselleira de Sanidade, Pilar Farjas Abadía, informou o Consello da Xunta da última fase de tramitación da orde que regula a asistencia ao farmacéutico por parte do persoal técnico ou auxiliar, na dispensación de medicamentos e produtos sanitarios suxeitos a receita electrónica. A orde tamén acorda a acreditación para o acceso ao sistema de receita electrónica por este persoal coa supervisión do farmacéutico.

Ademais, a acreditación deste persoal vai supoñer unha mellora da prestación farmacéutica para os cidadáns pois redundará nun mellor servizo polas propias oficinas de farmacia e, en consecuencia, para os pacientes, que poderán dispoñer dos medicamentos en todo momento, xa que a dispensación dos medicamentos se realizará de forma inmediata.

Sanidade dá resposta a unha demanda do colectivo con amplo apoio social, e queda así regulada a participación do persoal técnico e auxiliares de farmacia na dispensación electrónica, auxiliando a un farmacéutico/a complementar o sistema de dispensación de medicamentos establecido na normativa que regula a receita electrónica. O persoal técnico e auxiliar actuará en todo momento baixo a supervisión dun farmacéutico; ademais queda garantida, en todo momento, a protección de datos dos pacientes.

### **Acreditación para profesionais e seguridade para cidadáns**

A autorización permite a este persoal o acceso a determinados datos das listaxes de receitas ou de prescricións activas dos pacientes, pero non permitirá o acceso ao historial farmacoterapéutico nin a información relacionada coa historia clínica persoal.

O persoal técnico e auxiliar deberá estar acreditado para o exercicio da dispensación polo farmacéutico titular da oficina de farmacia na cal exerza profesionalmente. Así mesmo, este persoal non terá capacidade para tomar decisións nos supostos de dispensación de medicamentos cando a prescrición se realiza por principio activo; cando existan cambios xustificados e permitidos sobre a prescrición mecanizada; en calquera substitución na prescrición e na dispensación de medicamentos que conteñan principios activos suxeitos a especial control médico ou aqueles que requiran medidas específicas de seguimento por motivos de seguridade.

En todo caso, a dispensación non se dará por rematada ata que o acto sexa avalado polo farmacéutico.

---

A medida que se adopta respecto á dispensación de medicamentos e produtos sanitarios non supón existencia de gasto para a Administración sanitaria. O custo para as oficinas de farmacia limítase á adquisición das tarxetas identificativas para o persoal técnico e os auxiliares.

## O SERGAS CREARÁ UN GRUPO DE EXPERTOS PARA A COORDINACIÓN DA ESTRATEXIA DE ATENCIÓN INTEGRAL AO PACIENTE CON DOR, QUE COMEZARÁ A TRABALLAR NO ÚLTIMO TRIMESTRE DE 2011

- *Todos os hospitais da rede sanitaria pública galega teñen implantado un procedemento de avaliación da dor aguda, e o mesmo ocorre co rexistro de dor*
- *No ano 2012 o procedemento de avaliación da dor implantarase en atención primaria*

O Servizo Galego de Saúde está a desenvolver unha estratexia global para conseguir un manexo óptimo da dor para a totalidade da cidadanía galega, co obxectivo de lograr hospitais “libres de dor” e mellorar a calidade de vida dos pacientes. Neste sentido, o departamento que dirixe Pilar Farjas creará un grupo de expertos para a coordinación da estratexia de atención integral ao paciente con dor, que comezará a traballar no último trimestre de 2011.

O desenvolvemento dunha medida global permite ao departamento que dirixe Pilar Farjas incorporar a atención á dor como unha estratexia transversal en todos os procesos e unha continuidade asistencial entre atención primaria e especializada. Ademais, pretende sensibilizar a sociedade, así como aos pacientes e profesionais, de que a dor constitúe un problema real, e que dispón de opcións terapéuticas adecuadas e eficaces na práctica totalidade dos casos.

Por tanto, búscase normalizar a mellor asistencia posible a cada paciente, convertendo a dor na quinta constante para avaliar, de xeito que non pase desapercibida e que o tratamento se adecue a ela, impulsando a participación da cidadanía como axente activo para garantir unha óptima atención e control da dor.

O Sergas xa realizou, ao longo do pasado ano, importantes avances no campo da dor. Así, priorizou no 2010 a sistematización e implantación do procedemento para a valoración da dor aguda nos seus hospitais, co propósito de homoxeneizar a valoración de todos os pacientes ingresados, introducindo a escala de valoración analóxica da dor (EVA), que mide a súa intensidade nunha escala de 0 a 10. Este procedemento xa está implantado en todos os hospitais do Sergas.

Ademais, incluíuse a dor como quinta constante vital na gráfica de constantes, e dispónse dun rexistro informatizado para incluír os datos de valoración da dor. Este rexistro permite obter indicadores de seguimento e avaliación dos pacientes hospitalizados, identificando áreas de mellora e comparando os resultados dos diferentes centros.

Para a implantación deste procedemento distribuíronse nos hospitais do Sergas preto de 14.700 regras coa escala de valoración analóxica (EVA) e 3.500 coa escala de

---

valoración facial, esta última distribuída entre os profesionais de pediatría. Tamén se colocaron centos de carteis informativos e se repartiron 20.000 dípticos dirixidos a pacientes. Ademais, estruturouse unha formación secuencial para formar os profesionais dos hospitais no manexo da dor e do aplicativo do rexistro. Xunto con todo o anterior, a través da Escola Galega para Cidadáns, organizáronse accións formativas dirixidas a pacientes.

Nunha segunda fase, que se levará a cabo ao longo do vindeiro ano, este procedemento implantarase nos centros asistenciais de atención primaria.

Débase sinalar, así mesmo, que o Sergas presentou a súa estratexia integral contra a dor no seo do Parlamento Europeo, o pasado mes de maio.

### **Prevalencia da dor**

A prevalencia da dor en España en adultos maiores de 18 anos é de 17,25%, presenta dor severa o 11,69%, moderada o 24,14%, e leve un 64,17%. Os cidadáns que refiren padecer dor identifican como a máis frecuente a de espalda (60,53%), seguido da articular, co 40,21%. Estes datos están recollidos no estudo nacional Health and Wellnes Survey de 2010, en que tamén se recolle a prevalencia da dor en cinco comunidades autónomas (Galicia, Madrid, Valencia, Cataluña e Andalucía), sendo a nosa, cunha prevalencia do 18,38%, a segunda con maior prevalencia, só superada pola Comunidade Valenciana, cun 18,79%.